



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as Resolucións da Xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia polas que se nos conceden as subvencións solicitadas por este Concello ao abeiro da Orde do 3 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria (DOG Núm 88, de 8 de maio de 2013) e ante a necesidade de proceder á contratación de persoal laboral temporal de interese social, en uso das facultades contempladas na lexislación vixente, VEÑO EN RESOLVER:

Primeiro. Iniciar de oficio os procedementos administrativos tendentes á selección do/a seguinte traballador/a coas seguintes especificacións:

Modalidade contractual: Obra ou Servizo determinado de interese social.

Duración: 4 meses (4 xardiñeiros)

Xornada: 50%


Obra/ Servizo subvencionado:

- - MEDIO AMBIENTE. 4 traballadores
- **Datos retributivos:** Segundo o esquema financiación afectada contido na resolución, e que financiará o 100% dos custos salariais e de seguridade social.

Terceiro: Aprobación das bases que rexerán a selección do persoal e que figuran no ANEXOS I á presente Resolución.

Rois , 18 de outubro de 2013

O alcalde


Ramón Tojo Lens




O secretario

Diego Losada Romero



ANEXO I

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE 1 PEÓN FORESTAL DENTRO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O ANO 2013 NO CONCELLO DE ROIS , “MEDIO AMBIENTE”.

PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de 4 persoas , para a obra ou servizo “MEDIO AMBIENTE” na modalidade de contrato de duración determinada de interese social, durante un período de catro meses, ao amparo do que se establece na Ordes do 3 de maio de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2013

SEGUNDA: PUBLICIDADE

.Publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do concello entre os días 22 e 28 de outubro e facilitarase copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello. Os resultados das probas, para os efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e localización/situación dos mesmos, lévase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e da páxina web do Concello

CUARTA: REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES.

1. Requisitos dos aspirantes:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.



CONCELLO DE ROIS

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitase. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) **Os traballadores deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.**

f) Non ter sido contratado, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas ao abeiro das ordes da Consellería de Traballo e Benestar do 28 e 29 e febreiro; e do 27 de setembro de 2012, de convocatoria, respectivamente, dos programas de cooperación en colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as así como axentes de emprego e/ou unidades de apoio (DOG nº 50 e 188, do 12 de marzo e 2 de outubro de 2012, respectivamente).

2. Selección dos traballadores desempregados.

Realizarase polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia e enviado ao Concello de Rois, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na oficina correspondente.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria e pola contra, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo.

QUINTA: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os interesados deberán de presentar o día da entrevista a seguinte documentación:



- Certificados correspondentes aos méritos alegados.

SEXTA: TRIBUNAL CALIFICADOR.

O órgano de selección será colexiado, e como mínimo, constará dun presidente, tres vogais e un secretario, que serán designados por resolución de alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que lles será esixible a todos individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan na materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e entenderase, así mesmo, a paridade entre muller e home. Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o resto de persoal eventual non poderán formar parte dos mesmos. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación a ninguén.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 notificándollo á autoridade convocante, ou cando realicen tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co disposto no artigo 29 do mesmo texto legal.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir en aplicación das presentes bases.

Rexerase no que respecta á súa constitución a formación de vontade, pola Lei 30/1992, estando facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que se poidan formular.

SÉTIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN

Será o concurso de méritos máis unha entrevista persoal, se ben en todo caso a selección deberá respectar os criterios contidos na Orde do 3 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito



CONCELLO DE ROIS

de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2013

Concurso de méritos- Valoraranse os méritos determinados a continuación e puntuaranse conforme ao seguinte baremo (ata un máximo de 6 puntos):

A) Experiencia profesional.- máximo 1,5 puntos. Valorarase a experiencia en postos de igual o maior categoría que a ofertada con suxeición ao seguinte esquema de puntos:

- Por cada mes completo de traballos relacionados co posto a desempeñar :
0,001

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días.

A presentación de servizos de peón deberanse acreditar con copia cotexada dos contratos, certificados de empresa e no seu caso informe da persoa ou órgano competente no que conste o contido e calidade dos traballos realizados e informe de vida laboral.

B) Carné de conducir.- Valorarase con 1 **puntos** estar en posesión do permiso de circulación da clase B. Para estes efectos deberá presentar copia do carné de conducir debidamente cotexado.

C) Parados de longa duración.-

- Entre 6 e 12 meses: **0,50 puntos**

- Máis de 12 meses: **1 punto**

Para acreditar esta circunstancia deberase traer informe do tempo en desemprego expedido polo INEM.

E) Menores de 30 anos.- 1 punto

F) Maiores de 45 anos.- 1 punto

G) Empadroados no Concello de Rois .- 1,00 punto.

D) Integrantes de colectivos desfavorecidos que sexan beneficiarios da renda de integración social de Galicia.- 0,5 puntos



CONCELLO DE ROIS

-Entrevista persoal.- Consistirá en que os aspirantes contesten preguntas confeccionadas polo Tribunal, relacionadas con coñecementos sobre o Concello de Rois e con coñecementos relacionados co posto de traballo.

(Valorarase ata un máximo de **4 ,00 puntos**).

OITAVA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas na fase de concurso e da entrevista; o. A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do Tribunal e a incorporación ao servizo.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

NOVENA.- RECURSOS.

As presentes Bases e cantos actos se deriven desta impugnaranse cos medios e forma previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.


Para o non previsto nestas bases ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7 /1.985, do 2 de abril; o RDL 781/86, do 18 de abril; a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; o RD 896/91, de 7 de xuño e demais normativa vixente en materia de selección do persoal ao servizo das Entidades Locais.

DÉCIMA: NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS: 4

Rois, 18 de outubro de 2013

O alcalde


Ramón Tojo Lens


O secretario
Diego Losada Romero